

CRITERIOS DE SELECCIÓN GALEGA CEOPu 2025

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE ORIENTACIÓN A PÉ URBANO 2025

Sprint | Remudas Mixtas

25 e 26 de outubro | Frailes (Jaén)

O PROXECTO DEPORTIVO 2025 recolle, como un obxectivo propio da FEGADO, o feito de convocar as seleccións deportivas e a designación das persoas deportistas que as integran.

Para cumprir este obxectivo publícanse os presentes **criterios de selección**, en liña continuista cos dos últimos anos, que serán prorrogados automaticamente salvo modificación consensuada pola Dirección Técnica e a Vogalía de O-Pé, que sempre haberá de ser publicada antes do inicio de cada tempada.

Os criterios baséanse nos resultados en probas oficiais, sendo as máis accesibles, dende o punto de vista da participación, os **rankings das Ligas Galegas 2025** (moi relevante por terse disputado a data actual catro probas de calidade, ademais dunha quinta proba programada para a fin de semana previa ao CEOPu) e **2024** (que será útil para valorar a progresión e a continuidade das persoas deportistas). Pódese valorar tamén o **ranking e participación en carreiras de nivel nacional e/ou internacional**, abrindo tamén a asignación de prazas á decisión de la **Dirección Técnica (DT)**. Tamén valórase a actitude de grupo e a creación dun bo clima respecto da relación entre as distintas persoas da selección.

Preseleccionados/as para as probas sprint e remudas mixtas CEOPu. Segundo criterio da Dirección Técnica pódense publicar, se así se considerase necesario, e cando menos dentro dos quince días anteriores ao peche de inscricións, unha relación de persoas deportistas preseleccionadas que sirva como recoñecemento ao esforzo e resultados dos/as deportistas, á vez que como filtro previo orientativo para elaborar a Selección Galega definitiva.

O obxectivo de dita preselección, que sempre estará aberta ata a publicación da selección definitiva, é:

- Recoñecer, aplicando criterios de obxectividade e mérito deportivo, a un maior número de persoas deportistas.
- Incentivar as inscricións no CEOPu.
- Facilitar o proceso de asignación en préstamo de pinzas SIAC da FEGADO, se procede.
- Acoutar e axilizar o proceso de selección definitiva.

A relación de preseleccionados/as, segundo criterio da Dirección Técnica, poderá ser ben xenérica para ambas fases dos CEOP (bosque e urbano), ou ben específica para cada unha das dúas fases, ou incluso aínda máis específica para cada unha das tres probas individuais (longa, media e sprint) e dúas remudas (clásicas e mixtas).

Outros aspectos relacionados co mérito deportivo

A Dirección Técnica poderá ter en conta, se o considera oportuno, outros aspectos relacionados co mérito deportivo como:

- Resultados nos *Campionatos de España de Orientación 2024/2025*.
- Resultados nos últimos *Campionatos de España de Orientación en Idade Escolar (CESA/CECEO)*.
- Resultados en *Campionatos Ibéricos masculinos/femininos*.
- Resultados noutras probas oficiais FEDO.
- Resultados en probas internacionais.
- Traxectoria deportiva individual

Outros aspectos obxectivos relacionados co rendemento deportivo (ranking)

A Dirección Técnica poderá ter en conta, se o considera oportuno, aspectos obxectivos relacionados co rendemento deportivo que teñan afectado ao ranking dos/as persoas seleccionados/as:

- Actitude, progresión deportiva, participación en actividades de tecnificación, etc.
- Sobrecarga dos calendarios e da simultaneidade de probas oficiais FEDO (Liga, Campionatos, probas de selección, xornadas de tecnificación, etc.) de diferentes disciplinas relacionadas e afíns coa Orientación a Pé, como poden ser la MTBO, RAID, ROGAINE, TRAIL-O, etc. Tamén de probas oficiais de la Federación Galega/Española de Atletismo, ciclismo, etc.
- Tamén poderían ser analizados resultados puntuais de deportistas limitados por enfermidade ou lesión, estudos e/ou residencia temporal noutras comunidades ou países, maternidade/paternidade, atención a persoas dependentes, involucrados na organización/supervisión de probas, etc.

Selección definitiva [máximo 34 persoas deportistas competitivas]

Dende unha perspectiva *ad intra* (isto é, cara dentro da Federación), pola súa banda, a Selección Galega que representará a Galicia en cada unha das tres (3) probas individuais (Distancias Longa, Media e **Sprint**), estará formada polos/as orientadores/as incluídos nunha lista confeccionada pola Dirección Técnica, en base a criterios de obxectividade e mérito deportivo. Na medida do posible, a composición será equilibrada dende a perspectiva de xénero. A relación de persoas seleccionadas elaborárase a partir dunha lista de orientadores que manifesten a súa intención de participar no Campionato de España e se farase pública na web da FEGADO, na medida do posible, ao día seguinte ao peche de inscricións na plataforma SICO da FEDO

- 6 mellores deportistas das categorías sub-16.
- 6 mellores deportistas das categorías sub-20.
- 8 mellores deportistas das categorías Veteranos/as (vacantes poden ser reatribuídas ás cat sub-16 e sub-20).
- 14 mellores deportistas das categorías Senior (vacantes poden ser reatribuídas ás cat. sub-16 e sub-20).

As persoas integrantes da Selección Galega definitiva accederán ao respaldo da FEGADO na forma de axuda económica á inscrición, viaxe e manutención e equipación, en función da situación orzamentaria.

Criterios de puntuación por Comunidades Autónomas no **CEOPu**

Para a confección da Selección Galega, o Director Técnico tamén poderá ter en conta, se o considera oportuno, a NORMATIVA FEDO vixente respecto dos criterios de puntuación por comunidades tanto en probas individuais como en probas de remudas, establecidas no capítulo que desenrola a CLASIFICACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS: clasificación final por comunidades.

“La clasificación final de cada comunidad se determinará por la suma de las mejores puntuaciones individuales y de relevos.”

- a) *En cada una de las 3 pruebas individuales se tendrán en cuenta las 17 mejores puntuaciones, según el siguiente desglose:*

- 3 mejores puntuaciones obtenidas en categorías sub-16 (pruebas individuales).
- 3 mejores puntuaciones obtenidas en categorías sub-20 (pruebas individuales).
- 4 mejores puntuaciones obtenidas en categorías Veterano (pruebas individuales)
- 7 mejores puntuaciones obtenidas en categorías Senior (pruebas individuales)

*Para elaborar la clasificación del Campeonato de España por CC.AA., en las carreras de distancia Larga, Media y Sprint, cada corredor obtendrá una puntuación calculada mediante la fórmula: (TGanador/TCorredor)*Coeficiente, aplicándose los siguientes coeficientes en función de la categoría*

- | | |
|---|------|
| - M/F-E: | 1,25 |
| - Categorías A y E (excepto M/F-E y U10): | 1,00 |
| - Categorías B (incluye M/F16-18), y U10: | 0,70 |

- b) *En cada una de las 2 pruebas de relevos se sumarán las 5 mejores puntuaciones por Comunidad:*

- 5 mejores puntuaciones obtenidas en el Relevos Mixto.

- 5 mejores puntuaciones obtenidas en el Relevo Clásico.

Para elaborar la puntuación por comunidades de la prueba de relevos, cada equipo obtendrá la siguiente puntuación:

- Vencedor/a en la categoría Senior (absoluta): 250 puntos
- Vencedor/a en el resto de categorías: 220 puntos
- Equipos restantes: Tiempo vencedor / Tiempo invertido * (250 o 220 según la categoría)"

Deportistas seleccionables para a Selección Galega do **CEOPu**

Serán seleccionables todos aquellas personas deportistas con licencia de temporada FEGADO, en aplicación da Normativa **CEOPu** 2025 de cara a computar a efectos de clasificación. Será requisito imprescindible para tomar parte da relación de personas deportistas seleccionables, ter respectado os principios de xogo limpo (art. 29.1 do Regulamento FEGADO O-Pé) durante las temporadas 2024 e 2025.

- Comportarse con honradez, actitude deportiva e espírito de amizade.
- Amosar respecto polos outros competidores, delegados, periodistas, espectadores, os habitantes do área de competición e medio ambiente. Tamén cara ás persoas organizadoras.
- Tampouco serán seleccionables, si así o considera oportuno a Dirección Técnica, corredores afectados por el Réxime Disciplinario establecido nos Estatutos da FEGADO ou FEDO respecto a infraccións e sancións.

A Dirección Técnica se reservará el dereito de admisión daquelas persoas deportistas que no teñan acreditado o cumprimento de ditos preceptos.

Jorge Piñeiro Portela

DIRECTOR TÉCNICO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN
direccionetecnica@fegado.es